




PLAN LECTOR ANUAL

BIBLIOTECA DRACOAVENTURAS - CURSO 2022/23

X + CULTURAS: Descubriendo un mundo multicultural



CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO E CERVIÑO
A CORUÑA

ÍNDICE

1. Introducción	2
2. Normas de uso e desfrute da biblioteca escolar	3
3. Obxectivos	5
4. Actividades programadas	6
5. Organización espazo-temporal	8
6. Recursos persoais e materiais.....	9
7. Dinamización da biblioteca escolar	10
8. Hábitos e itinerarios lectores	11
9. Seguimento e avaliación	12
10. Anexos.....	14
ANEXO I: Horario de uso da biblioteca (curso 22/23)	14
ANEXO II: Marcadores persoais	14
ANEXO III: Listaxe de libros de Infantil	15
ANEXO IV: CDU Ilustrada	18
ANEXO V: Modelos e formularios para suxestións á biblioteca escolar	19
ANEXO VI: Recursos de alfabetización informacional (ALFIN)	19
ANEXO VII: Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	20
ANEXO VIII: Proxecto Documental Integrado (curso 22/23): X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural	20



1. Introducción

Neste curso 2022-22 comezamos un novo Proxecto Documental Integrado (PDI), *X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural*, partindo das liñas de referencia que marcan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 en xeral e, máis especificamente, os obxectivos:

- 1 – Fin da pobreza
- 2 – Fame cero.
- 4 – Educación de calidade.
- 10 – Redución das desigualdades.
- 16 – Paz, xustiza e institucións sólidas.
- 17 – Alianzas para acadar obxectivos.

O título recolle, de xeito resumido, o que pretendemos levar a cabo no noso centro. O centro e a súa contorna constitúen en si mesmos todo un mundo multicultural debido ás diferentes orixes das persoas que conforman a nosa comunidade educativa. Pretendemos que, a través do coñecemento das súas costumes, tradicións, culturas... o alumnado estableza relacións baseadas, non só na tolerancia e no respecto, senón tamén na aceptación e na acollida, que nos permitan desenvolver propostas cooperativas e de axuda mutua.

O presente Plan Anual de Lectura constitúe o programa de obxectivos e accións que se desenvolverán no centro, ben sexa de forma puntual ou con periodicidade, para levar a cabo os compromisos recollidos no Proxecto Lector e enfocado a acadar e mellorar as competencias clave do alumnado en relación a todas as áreas do currículo. Este Plan será incluído na Programación Xeral Anual e deberá integrarse nas Programacións Didácticas.

O Proxecto Documental Integrado (PDI) *X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural* parte como unha proposta de vertebrar e abordar de xeito transdisciplinar as diferentes concrecións curriculares dos diferentes niveis educativos, coa intención de favorecer a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP) e o emprego dunha metodoloxía de traballo acorde á filosofía ALFIN, contribuíndo así ao desenvolvemento das diferentes competencias clave.

2. Normas de uso e desfrute da biblioteca escolar

Os pasados dous cursos, moi condicionados pola presenza da COVID e as indicacións establecidas nos diferentes documentos ditados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, obrigaron a busca de alternativas para poder seguir desfrutando da biblioteca con garantías de seguridade sanitaria e, polo tanto, a adopción de normas de uso excepcionais. Afortunadamente, neste curso prodúcese unha volta á normalidade que nos permite recuperar as normas previas á pandemia como punto de partida. Porén, a entrada do centro en PLAMBE nos anima á adopción doutros retos que condicionan, así mesmo, o uso da biblioteca e nos esixe a revisión desas normas.

En xeral, para desfrutar da biblioteca, é fundamental respectar as normas, e a todas as persoas e ao traballo que desenvolven, así como coidado do mobiliario e todos os materiais dispoñibles. As normas que rexen o funcionamento da biblioteca escolar para o presente curso e que as titoras e os titores darán a coñecer ao seu alumnado curso son:

- Todo o alumnado pode facer uso da biblioteca no horario que lle corresponde ao seu grupo-clase (ver [Anexo I: Horario de uso da biblioteca](#)). Nesa hora, o alumnado pode ler, buscar información, desenvolver actividades encargadas polo mestre ou mestra, empregar todos os materiais dispoñibles e seleccionar un libro para levar en empréstito.
- Ademais, este ano o alumnado pode visitar a biblioteca durante o recreo para ler, consultar libros, empregar os dispositivos tecnolóxicos dispoñibles (ordenador, tablet, robots...), xogar cos xogos de mesa... A biblioteca non é un espazo de castigo nin para facer os deberes que non se remataron na sesión de clase.
- O alumnado de EI desfrutará do empréstito a través da súa titora ou do seu titor, que rexistrará os empréstitos no ordenador no horario de biblioteca asignado para o seu grupo-clase.
- O alumnado de 3º a 6º de EP poderá acudir á biblioteca no recreo de calquera día e rexistrarán os empréstitos coa axuda do equipo colaborador da BE e/ou da mestra ou mestre de garda. Para facilitar a atención, o alumnado de 1º e 2º de EP só poderán acudir á biblioteca no recreo dos martes e os xoves.
- O material pode levarse 15 días en empréstito, a excepción dos xogos e outros materiais (tablets, robots, etc.), que son de uso na sala. Se non se devolve un libro dentro do prazo asignado, o Equipo de Biblioteca dará un aviso para que a devolución se faga no seguinte día lectivo. O alumnado é responsable da custodia e coidado do material ata o momento da súa devolución.

- Ofreceráse a posibilidade de empregar un marcador persoal para sinalar o lugar de onde se retirou un libro e facilitar así, a súa colocación ([Anexo II: Marcadores persoais](#)). No caso de non saber onde colocalo, deixaránse nas caixas de devolución.
- Non se pode pasar o recreo no corredor: ou se está na biblioteca ou se está no patio. A merenda se realiza fóra da biblioteca (no patio ou na aula, segundo estea establecido na titoría).
- O alumnado non pode acudir só á biblioteca, agás no recreo (alumnado de EP).
- Pode ser axudante voluntario da biblioteca o alumnado de 5º e 6º EP.
- Pode ser voluntario da actividade de lectura *Les comigo?* o alumnado de 3º EP en adiante.

Ademais, o profesorado ten que coñecer e ter en conta as seguintes cuestións:

- A comezos de curso, o equipo de biblioteca encargárase de realizar a Formación de Usuarios e a documentación relacionada.
- O pasado curso decidiuse non seguir empregando carné de biblioteca, polo que non se sacarán carnés novos. Cada persoa usuaria da biblioteca ten asignado un número, que se facilitará a través do profesorado titor. Ademais, unha copia das listaxes quedará na biblioteca para facilitar a súa consulta.
- Cada mestra ou mestre pode levar para a súa aula ata 30 materiais, asignando o empréstimo ao seu número de usuaria ou usuario.
- Calquera exemplar ou material que saia da biblioteca, xa sexa para préstamo, obradoiros ou tarefas de investigación, ten que quedar debidamente rexistrado na aplicación de empréstimo.
- Calquera membro da comunidade educativa pode facer propostas de adquisición de libros ou outros materiais, suxestión de actividades, etc., a través do formulario habilitado para facilitar a súa revisión por parte dos membros do equipo: <https://forms.gle/uWkaD9MXrFfVjmjS6>.
- No expositor de novidades (situado entre a biblioteca e a porta de saída ao patio), colocaranse as últimas adquisicións e/ou exposicións temáticas que se desenvolvan ao longo do curso.
- No moble situado entre a secretaría e porta de saída ao exterior situaranse os libros de expurgo, que as persoas da comunidade educativa poden levar gratuitamente.

- Unha persoa da biblioteca encárgase de manter o blog actualizado con publicacións periódicas de novidades, recomendacións de lecturas, mostras e exposicións de actividades e propostas desenvolvidas e post temáticos. O blog está dispoñible no enderezo <https://dracoaventuras.wordpress.com/>.
- Desde a biblioteca agradeceuse que o traballo grupal realizado polo alumnado se faga chegar ao equipo de biblioteca coa intención de incorporalo aos repositorios físicos ou virtuais dos centros e darlle a visibilidade correspondente.
- O equipo de biblioteca está a disposición do alumnado e o profesorado para ofrecer o apoio e o asesoramento precisos en aspectos como empréstitos e devolucións, adquisicións, procesos de ensinanza-aprendizaxe, ALFIN...
- Cómpre lembrar que, aínda que o equipo de biblioteca é responsable da dinamización da biblioteca e das actividades e está a disposición de toda a comunidade educativa para ofrecer o apoio e asesoramento preciso, o desenvolvemento do Proxecto Lector e a súa concreción anual contida neste plan é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Deste xeito, o traballo que se desenvolve desde a biblioteca é enriquecido coas aportacións de todas as persoas da comunidade escolar, desde suxestións a actividades e produtos finais para recoller nos repositorios do centro.

3. Obxectivos

Desde a consideración da biblioteca escolar como un recurso esencial para dar resposta ás necesidades da educación da sociedade actual, esta constitúese como unha colección de recursos materiais e intelectuais que incorpora, ao mesmo tempo, os avances técnicos do progreso social. Neste sentido, camiña cara á configuración como un espazo de creatividade, intercambio e innovación dotado, como é lóxico dun fondo bibliográfico, pero tamén doutros medios e recursos que veñen impulsar un cambio nas dinámicas pedagóxicas coa fin de dotalas da maior coherencia posible. Con esta idea en mente, fixámonos os seguintes obxectivos_

- Fomentar a lectura desde un proxecto global de centro, integrándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar. Neste curso escolar, esta proposta concrétase no PDI *X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural* (ver Anexo II: Proxecto Documental Integrado: *X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural*).
- Desenvolver, de xeito xeral, a competencia lectora, a través do traballo con diferentes tipos de códigos (escritos, audiovisuais, sonoros...), diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, poéticos...) e a integración das TIC en situacións contextualizadas de busca e emprego de información.

- Facer da lectura un recurso esencial para atender á diversidade do alumnado, nas súas capacidades, intereses e necesidades, e un elemento compensador das diferenzas sociais.
- Continuar co desenvolvemento das actividades de promoción da lectura que xa estaban implementadas en cursos anteriores como *Mochilas Viaxeiras*, *Hora de Ler*, *Pilleite lendo*, conmemoracións e certames literarios e fotográficos...
- Iniciar e sistematizar novas propostas encamiñadas a mellorar a competencia lingüística, a competencia dixital, a competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Iniciar e sistematizar outras propostas encamiñadas ao fomento da lectura persoal e compartida e ao desenvolvemento da competencia literaria, poñendo en marcha iniciativas como *Booktubers* e *Bibliopatio*.
- Garantir a variedade de recursos bibliográficos e dixitais relacionados coa temática do PDI e outros proxectos que se desenvolvan no centro, co contido do currículo e cos intereses e necesidades de todo o alumnado.
- Crear un espazo STEAM para favorecer o pensamento lóxico, diverxente e creativo.
- Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora a través de suxestións, propostas...
- Dar a coñecer a figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023, Francisco Fernández del Riego.
- Contribuír á creación da biblioteca persoal, solicitando ás familias a compra dun ou dous exemplares cada curso escolar.
- Apoiar o traballo dos diferentes programas e plans que se desenvolven no centro: *Contrato-Programa EduEmociona*, *Educación Responsable*, *E-dixgal*, *PFPP*...

4. Actividades programadas

Desde o Equipo de Biblioteca propoñeranse actividades en torno a unha conmemoración principal en cada trimestre, coa fin de fomentar a participación de todas as aulas. Esas conmemoracións serán escollidas pola súa especial vinculación coa temática desenvolvida no PDI deste ano. A data das conmemoracións será a referencia para a entrega dos diferentes traballos, que serán expostos á fin do trimestre.

5.1. Primeiro trimestre

- Revisión do Proxecto Lector de Centro.
- Elaboración do Plan Lector Anual 2022/2023 .
- Entrega ao profesorado do Plan Lector Anual, coa información necesaria sobre o uso e funcionamento da biblioteca, a proposta do PDI, materiais ALFIN, etc., para integrar nas súas programacións.
- Entrega ao profesorado da proposta de actividades do primeiro trimestre.
- Posta en marcha do PDI *X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural*.
- Formación de usuarios para mestrado e alumnado.
- Elaboración da guía de usuarios.
- Asignación dos números de usuario/a da biblioteca.
- Apertura da biblioteca escolar ao alumnado a través dunha hora para as titorías e máis o recreo para o alumnado de 3º a 6º.
- Preparación e posta en marcha das mochilas viaxeiras.
- Posta en marcha da caixa de correo da biblioteca para o alumnado.
- Posta en marcha do [formulario de suxestións](#) para o mestrado e as familias.
- Organización e coordinación dos axudantes de biblioteca.
- Conmemoración principal: Día Mundial dos Dereitos da Infancia (20 de novembro)
- Actualización do blog.
- Actualización do material dispoñible a través de expurgo e da compra e catalogación de novos materiais.

5.2. Segundo trimestre

- Entrega ao profesorado da proposta de actividades do segundo trimestre.
- Conmemoración principal: Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro).
- Actualización do blog.
- Actualización do material dispoñible a través de expurgo e da compra e catalogación de novos materiais.

5.3. Terceiro trimestre

- Posta en marcha do Bibliopatio.
- Conmemoración principal: Semana do Libro (17 ao 21 de abril).
- Edición dixital da revista escolar.
- Edición dos libros colectivos de produción propia.
- Recopilación e exposición dos traballos realizados ao longo do curso.
- Elaboración da guía de lecturas de verán.

- Actualización do blog.
- Actualización do material dispoñible a través de expurgo e da compra e catalogación de novos materiais.
- Revisión de materiais e clausura da biblioteca.
- Memoria final.

5. Organización espazo-temporal

Seguindo as indicacións ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e adaptadas ao noso centro no protocolo COVID-19, este ano podemos deixar atrás as modificacións na distribución de espazos e tempos (reestructuración do horario para dispoñer de tres quendas de recreo, hixienización de espazos entre cada sesión...), que condicionaban moito o desenvolvemento de actividades interaulas ou a nivel de centro.

O centro conta, inicialmente, con dous espazos destinados á biblioteca: un no edificio administrativo, que constitúe o espazo principal de referencia para todas as actividades desenvolvidas para o centro en xeral e, máis concretamente, para Educación Primaria, e outro no edificio de infantil, orientado ás actividades de promoción da lectura de Educación Infantil.

No caso da biblioteca de primaria, levouse a cabo una remodelación, retirando mobiliario innecesario para permitir o desenvolvemento doutras actividades, como robótica ou xogos de mesa, ao tempo que o configuramos como un espazo esteticamente agradable que invite a entrar e disfrutar nel. Aínda quedan pendentes aspectos, como pintar o espazo ou adquirir novo mobiliario que dea resposta a outras necesidades detectadas nese proceso de remodelación. Ademais, fíxose un importante expurgo de libros obsoletos e en mal estado, para facer espazo para novas adquisicións. O espazo da biblioteca de infantil está a ser obxecto de análise con intención de empregalo para outras actividades máis adaptadas ás necesidades do centro.

No espazo da biblioteca, aínda que non é definitivo, contamos cun área para os máis pequenos (Infantil e Primeiro ciclo), unha zona de lectura informal, unha zona de traballo, uns postos de consulta, unha zona de préstamo e catalogación e unha zona audiovisual dotada con proxector. Na zona da esquerda están os andeis de literatura divididos en:

- zona amarela (lectores expertos - 3º ciclo de EP).
- zona verde (lectores autónomos - 2º ciclo de EP)
- zona vermella (prelectores e primeiros lectores - 1º ciclo de EP e EI).

Na zona da dereita atópanse os libros de información, organizados segundo a CDU ilustrada (ver Anexo III). Estes espazos están a ser rotulados para unha mellor identificación.

0. Xeneralidades. Dicionarios. Enciclopedias.
1. Filosofía. Psicoloxía. Ética.
2. Relixión.
3. Ciencias Sociais.
4. Produción propia.
5. Matemáticas. Ciencias Naturais.
6. Medicina. Tecnoloxía.
7. Arte. Música. Xogos. Deportes.
8. Lingua. Literatura.
9. Xeografía. Biografías. Historia.

Cada grupo de titoría ten asignada unha sesión semanal para facer uso da biblioteca nas súas diferentes posibilidades: actividades de busca e selección de información, lectura libre, xogos e robótica, tarefas encomendadas, empréstitos..., baixo a coordinación e responsabilidade do titor ou titora. Este ano prescínlese, tras a correspondente formación de usuarios a todo o mestrado do centro, da esixencia de persoal de biblioteca auxiliar nesa hora, coa fin de permitir que a hora de biblioteca das titorías poida ser semanal.

En todas as aulas desenvólvese a *Hora de ler*, que dedica 20 minutos diarios á lectura. Os fondos para actividade proceden da biblioteca. Ademais, a *Hora de Ler* pode adoptar outras formas (lectura colectiva, lectura de maiores para pequenos,...).

6. Recursos persoais e materiais

Os principais recursos persoais son o alumnado, as familias e o profesorado.

O alumnado é o principal destinatario de todas as accións que se desenvolven no presente plan, pero non é un destinatario pasivo, senón que coa súa axencia se apropia do coñecemento e as estratexias que se favorecen, enriquece as propostas coas súas achegas, colabora na promoción da lectura a través de suxestións aos seus compañeiros e compañeiras...

As familias constitúen un pilar fundamental no desenvolvemento da lectura, a través da motivación, o desenvolvemento e consolidación de hábitos lectores e estratexias de lectura.

O profesorado aporta a súa guía na adquisición de diferentes estratexias de achegamento aos textos (inferencias, hipóteses, ideas principais...) para favorecer a comprensión inferencial e crítica, con intención de dar resposta ás necesidades da cidadanía actual. Participa como dinamizador das diferentes propostas e organiza e promove, na parte que lle corresponde, o traballo do PDI. Ademais, colabora na adquisición de hábitos lectores e no descubrimento do

gusto lector persoal. Dentro do grupo de mestres, os equipos de biblioteca e de dinamización da lingua galega, formados por mestres de diferentes niveis, son os principais impulsores das diferentes propostas de promoción da lectura que se desenvolven no centro.

Entre os recursos materiais, contamos con:

- a biblioteca escolar e todo o conxunto de fondos bibliográficos, audiovisuais e doutros tipos que hai nela ou ubicados en diferentes puntos do centro (biblioteca distribuída);
- a biblioteca municipal de referencia, o Ágora;
- o material do alumnado;
- os ordenadores e o acceso a Internet, sexa na aula de informática ou noutras dependencias;
- as mochilas viaxeiras;
- o blog da biblioteca.

7. Dinamización da biblioteca escolar

A biblioteca propón unha temática que serve de fío condutor ás propostas que se desenvolven no centro, con intención de favorecer a motivación e ambientar o traballo, contribuíndo a dotalo dun significado contextualizado. Este curso desenvolvemos o PDI X + culturas: *Descubriendo un mundo multicultural*, que partiu das propostas do propio alumnado, canalizadas a través das titorías.

Neste marco, a biblioteca constitúe o eixo motriz e dinamizador de todas as actividades relacionadas co PDI, conmemoracións, tarefas ALFIN e de fomento da lectura. Propóñense actividades como:

- Mochilas viaxeiras, Hora de Ler, Bibliopatio, Les comigo?... co obxectivo de fomentar o hábito lector e o desfrute coa lectura.
- Empréstitos directos na hora asignada e indirectos ás aulas.
- Desenvolvemento das competencias clave e emprego das TIC mediante as propostas do PDI.
- Exposicións de fondos co gallo de diferentes conmemoracións.
- Organización de encontros con escritores/-as, ilustradores/-as, músicos/-as...

Xunto coas actividades propostas para a comunidade educativa, tamén se realizan outras tarefas esenciais para o axeitado funcionamento da biblioteca como expurgo, selección e compra de novos fondos e materiais, catalogación, organización dos espazos,...

Mochilas viaxeiras

As mochilas viaxeiras supoñen unha marabillosa oportunidade para desfrutar da lectura e compartir momentos en familia cos materiais seleccionados polo equipo. Os obxectivos desta iniciativa son:

- Favorecer momentos de desfrute en familia, a través da lectura e o xogo.
- Promover a conversa sobre lectura con familia e amizades.
- Proporcionar materiais de calidade contrastada e de interese para o alumnado.
- Contribuír á competencia plurilingüe do alumnado, ofrecendo materiais nas tres linguas que se imparten no centro.

Cada aula dispón dunha mochila para facer o empréstito, que será semanal: entrégase o venres e devólvese o xoves. O titor ou titora será o responsable de coordinar o empréstito semanal e de revisar o contido. O programa impleméntase desde outubro a xuño.

O contido das mochilas será seleccionado polos docentes do equipo de biblioteca representantes de cada ciclo. Este contido gardará relación coa temática do PDI. Deberá incluír, cando menos, un libro en castelán, un libro en galego, un libro ou revista en inglés, un periódico ou revista e un xogo. Ademais, incluírase una listaxe plastificada cos materiais incluídos, para facilitar a revisión semanal por parte do titor/-a, e unha carpetiña con folios de cores para facer o caderno viaxeiro, no que o alumnado, con axuda das familias, escribirá a súa opinión sobre o contido, o uso que lle deron, o material da súa preferencia, etc.

O empréstito das mochilas viaxeiras respecta as mesmas normas de custodia e coidado dos materiais que o empréstito persoal de materiais. Cada familia é responsable de que todo o material volva ao centro en boas condicións.

8. Hábitos e itinerarios lectores

Propóñense diversas actividades para contribuír ao fomento do hábito lector e a mellora da competencia lectora, como as xa mencionadas Hora de Ler, Mochilas Viaxeiras, contacontos, concursos...

As lecturas para desenvolver todas estas actividades deben proceder dos fondos da biblioteca escolar, porque é a única forma na que é posible garantir a pertinencia e calidade dos materiais. Toda a comunidade educativa poderá facer suxestións para novas adquisicións a través do formulario habilitado para facilitar a súa revisión, que serán valoradas polo equipo da biblioteca.

Xunto co desenvolvemento da competencia lectora, temos que orientar e desenvolver o gusto lector persoal do alumnado, polo que é fundamental que o mestre titor, na hora de

biblioteca asignada ao seu grupo-clase, preste atención aos intereses, preferencias e inquiredanzas do seu alumnado, xa sexa mediante a observación ou mediante resolución de dúbidas, conversas informais, etc.

No caso de Educación Infantil, o alumnado levará semanalmente un libro para ler en familia. Ademais, terán unha mochila viaxeira que rotará segundo a orde que estableza a titora. Diariamente desfrutarán da *Hora de Ler*.

No tocante á Educación Primaria, o alumnado contará co empréstimo directo na biblioteca, a mochila viaxeira e a Hora de Ler como actividades esenciais de fomento de hábitos lectores.

Xunto a estas iniciativas, animarase a toda a comunidade escolar a participar doutras actividades en horario non lectivo promovidas polo concello ou as bibliotecas municipais que poidan ter relevancia na motivación e fomento da lectura.

9. Seguimento e avaliación

A avaliación é un proceso que debe estar presente en todas as dinámicas do centro que persigan unha educación de calidade, desde o traballo nas aulas, pasando polo desempeño de cada profesor. Dada a súa relevancia para a vida diaria do centro, a biblioteca non pode quedar allea a este proceso de autoanálise da súa actividade.

Considerando o carácter formativo da avaliación, a súa presenza debe ser constante desde o inicio mesmo do curso escolar e posta en marcha das primeiras actividades.

Será continua, ao longo de todo o curso, para poder valorar as necesidades, intereses, preferencias e suxestións de todos os membros da comunidade educativa. No camiño, deberá facerse un balance dos resultados das diferentes propostas que partan da biblioteca, a fin de recoller as dificultades atopadas, así como os acertos e os fracasos. Isto nos permitirá facer modificacións que redunden no éxito ou nun mellor aproveitamento das propostas. Esta retroalimentación deberá provir tanto das persoas organizadoras das actividades, como do alumnado e o profesorado implicado, facilitando a incorporación de diferentes puntos de vista e contribuíndo á obxectividade das conclusións acadadas.

Porén, debemos partir dunha avaliación inicial, que pode recoller cuestións relacionadas cos hábitos lectores da comunidade escolar, a disposición do claustro ante as propostas do Plan Anual de Lectura, os recursos dispoñibles para acadar os obxectivos e as posibles dificultades que poden xurdir.

Durante o proceso avaliaremos:

- a adecuación das actividades aos obxectivos establecidos.
- a actitude, a motivación e a participación do alumnado e o profesorado.
- os recursos (tanto a súa dispoñibilidade como a súa eficacia para o logro dos obxectivos).

Á fin, teremos en conta:

- a actitude, a motivación e participación global da comunidade educativa.
- a valoración das diferentes actividades e propostas.
- o grao de satisfacción da comunidade educativa cos resultados acadados.
- o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos, a análise daqueles non acadados e as causas que dificultaron o seu cumprimento.
- as dificultades atopadas durante a posta en marcha do proxecto.
- a adecuación das modificacións que se realizaron, se ser o caso.
- os aspectos susceptibles de mellora.

Como técnicas e instrumentos empregaremos o cuestionario, a análise das suxestións recibidas e a observación directa e indirecta. Nas reunións do equipo de biblioteca serán abordadas as cuestións relacionadas co balance e a avaliación das actividades, como mínimo, unha vez ao trimestre, con intención de facer as modificacións oportunas para acadar os obxectivos establecidos no proxecto.

Coas aportacións e reflexións realizadas, elaborárase unha memoria final onde se recollan os resultados e as propostas de mellora.

10. Anexos

ANEXO I: Horario de uso da biblioteca (curso 22/23)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50				3° A	3 anos
9:50 10:40			4 anos		
10:40 11:30	6°C				5°B
12:00 13:05	4°B	5 anos	4°A	5°C	6° A
13:05 14:00	1°A				

ANEXO II: Marcadores persoais

Desde a titoría ofrecerase a posibilidade ao alumnado de elaborar un marcador persoal para sinalar o lugar de onde se colle un libro, coa intención de facilitar a súa posterior recolocación no andel. A elaboración do marcador persoal é libre, coa recomendación de empregar un formato rectangular (pode ter bordes redondeados, pode ser impreso en folio de cor ou branco e plastificado despois ou feito en cartolina...). Por un lado, debe conter o nome do alumno en grande e o seu curso (pode ser en pequeno nunha esquina, xa que a fin é a de facilitar a súa devolución en caso de extravío). Polo outro, pode decorarse libremente.

ANEXO III: Listaxe de libros de Infantil

As listaxe de libros propostas por niveis, aínda que susceptibles de modificacións, son as seguintes.

3 anos

Un becho estrano, de Mon Daporta, Kalandraka
De que cor é un bico, de Rocío Bonilla, edición acartonada Algar
Viaxes, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Limón, de Antonio Rubio, Colección De la cuna a la luna, Kalandraka
Froitas, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Xoguetes, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Paxariña de papel, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Zapato, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Cinco, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Piñeiro, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Miau, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Violín, de Antonio Rubio, Colección De la cuna a la luna, Kalandraka
Veo, veo, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Crocodilo, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Animais, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Lúa, de Antonio Rubio, Colección Do berce á lúa, Kalandraka
Atchís Felipe, de Gracia Iglesias, edición acartonada, Jaguar
Ñam, ñam, Marelina, de Gracia Iglesias, edición acartonada, Jaguar
Oinc, oinc, Timoteo, de Gracia Iglesias, edición acartonada, Jaguar
Cores, de Leo Leoni e Antonio Rubio edición acartonada, Kalandraka
Números, de Leo Leoni e Antonio Rubio edición acartonada, Kalandraka

4 anos

Dinosaurios. Libro linterna. Busca, descubre y asómate. Susaeta
El hilo invisible. Miriam Tirado. Ed. B d Block
Atlas del mundo. Aleksandra Mizielinska. Maeva ediciones.
A casa da mosca chosca. Sergio Mora. Kalandraka (galego)
Non fai falta a voz. Armando Quintero Laplume. Ed. OQO (galego)
De que cor é un bico? Rocío Bonilla. Algar editorial (galego)
Hombre de color. Jerome Ruillier. Editorial Juventud
Te quiero (casi siempre). Anna Llenas. Ed. Timun Mas Infantil
Caballeros y castillos. Mini Larousse. Larousse editorial
Marcelina en la cocina. Gracia Iglesias. Ediciones Jaguar
El caballero que no tenía caballo. J.S. Pinillos. Create Space Independent Publishing
El buen lobito. Nadia Shireen. Editorial Bruño
Galiño pelado. Paula Carbonell. Ed.OQO (galego)


Un amigo como tú. Andrea Schomburg, Barbara Róttgen. Ed. Beascoa
¡No quiero estar en silencio! Laura Ellen Anderson. Ed. Picarona
Los combisaurios. Sara Ball. Ed. SM
Don caballito de mar. Eric Carle. Ed. Kókinos
As chaves dos sonhos. Ana Meilán. Ed. Entre Nubes y Cuentos (galego)
Oito patas. Ana Meilán. Ed. Entre Nubes y Cuentos (galego)
O meu desexo é... Ana Meilán & Raquel Rodríguez. Ed. Entre Nubes y Cuentos (galego)
Cartas en el bosque. Susana Isern. Ed. Cuento de Luz
Monstro azul. Olga de Dios. Apila Ediciones (galego)
El niño que no quería ser azul. La niña que no quería ser rosa. Patricia Fitti. Ed. Planeta
¡Vivan las uñas de colores! Gusti y Acosta. Ed. Nubeocho
Únicos. Soledad Carmona. Ed. Soledad Carmona García
El color de tu piel. Desirée Acevedo y Silvia Álvarez. Editorial Cuento de Luz.
Versos de niños del mundo. Carlos Reviejo. Ed. SM.

5 anos

Animaladas. Bruño
Juego de letras. Kalandraka.
Aquiles o puntillón. Kalandraka
Abezo. SM
Formas. Hervé Tullet. Ed. Kokinos
O coelliño branco. Kalandraka.
Corre corre cabaciña. OQO.
Bárbara tiene una rabieta. Cubilete(Bruño)
Elmer. Beascoa.
Voy a comedte. Kókinos.
La cebra Camila. Kalandraka.
El cuento que quería ser leído. Carolina Rabei. Ed. Maeva
Los tentáculos de Blef. Tristeza. Eva Clemente y Teresa Arias. Ed. Emonautas.
O país dos mandóns. Embora.
El buhito BU. La casita roja.
Marcelina en la cocina. Jaguar.
El cazo de Lorenzo. Juventud.
Monstruo rosa. Apila
Cocorico. OQO.
Por cuatro esquinitas de nada. Juventud.
El punto. Peter H. Reynolds. Ed. RBA
Colores. Hervé Tullet. Ed. Kokinos.
Mariluz avestruz. OQO.
A que sabe a Lúa? Kalandraka
La ovejita que vino a cenar. Beascoa.
Un becho extraño. Factoría K de libros.
Salvaje. Libros del zorro rojo.
A tartaruga que quería dormir. OQO

A árbore da escola. Kalandraka.
Camuñas. OQO
Un puñado de botones. Createspace.
Hay un monstruo en tu libro. Cubilete.
Tengo un volcán. Calambuco.
Ponte en mi lugar. Nube ocho.
Edu se viste de princesa. Bellaterra
Del círculo que se cayó de una camiseta de lunares. La espigadora
Vaya rabieta. Corimbo.
Un libro. Hervé Tullet.
El abejoso. Cubilete.
El rebaño. La fragatina.
Frederick. Kalandraka.
¿De qué color es un beso? Algar
Felipe tiene gripe. Jaguar
Hermanos. Algar
A casa da mosca chosca. kalandraka
El niño que no quería ser azul, la niña que no quería ser rosa. Destino.
No hace falta la voz. OQO
Contín contón. Embora
Nadarin. Kalandraka.
Sé tú mismo. Molino

ANEXO IV: CDU Ilustrada



ANEXO V: Modelos e formularios para suxestións á biblioteca escolar

Todos os membros da comunidade educativa poden facer suxestións á biblioteca, tanto de adquisición de libros e outros materiais, como de desenvolvemento de diferentes actividades. Para facilitar a comunicación e a revisión de propostas, habilitase un formulario, dispoñible no seguinte enlace: <https://forms.gle/uWkaD9MXrFfVjmjS6>.

Pola súa banda, o alumnado dispón dunha caixa de correo na que pode dar a súa opinión sobre as modificacións na biblioteca e amosar as súas preferencias, contarlle a Draco cal foi o seu libro favorito ou facerlle as suxestións que queira.



ANEXO VI: Recursos de alfabetización informacional (ALFIN)

O obxectivo principal da alfabetización informacional é crear aprendices ao longo da vida, persoas en disposición de atopar, avaliar e empregar a información dun xeito eficaz para resolver problemas ou tomar decisións. No marco educativo, a biblioteca constitúe un lugar privilexiado para impulsar todas as accións educativas encamiñadas a acadar este obxectivo a través de diversos medios físicos e dixitais.

ANEXO VII: Obxectivos de Desenvolvemento Sostible



Páxina das Nacións Unidas sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible:

<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/>

Nela, é posible atopar información esencial para a posta en marcha do PDI nas aulas, como a orixe destes obxectivos, a descrición detallada de cada un dos obxectivos e as súas áreas de impacto, as actuacións relacionadas que se poden desenvolver como cidadáns e cidadás para contribuír á acadalos, material educativo,...

ANEXO VIII: Proxecto Documental Integrado (curso 22/23):

X + culturas: Descubrindo un mundo multicultural

1. Xustificación

Ao longo deste curso desenvolverase un proxecto documental integrado co tema da multiculturalidade presente na nosa contorna como fío condutor. Este tema abordarase desde un enfoque centrado na súa relación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

recollidos na Axenda 2030. Deste xeito, podemos relacionar a presenza de persoas de diferentes orixes como una realidade tras a que, frecuentemente, se agochan outras realidades como a pobreza, os conflitos bélicos, as diferenzas entre homes e mulleres, etc. e afondar nas súas causas e consecuencias, impactando deste xeito nunha educación de calidade baseada nos principios da educación para a paz e a xustiza social. Así mesmo, tanto o tema elixido como o enfoque que se pretende abre a porta á colaboración con entidades sociais da contorna da que recibimos asesoramento, apoio e recursos diversos.

Nesta ocasión, o tema foi proposto polos mestres, a partires das súas experiencias na aula, das preguntas e inquedanzas do alumnado, da observación de determinadas condutas, etc. A proposta levouse ao claustro e foi aceptada por unanimidade.

2. Obxectivos

O PDI parte cos seguintes obxectivos:

- Fomentar a lectura desde un proxecto global de centro, integrándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar.
- Desenvolver, de xeito xeral, a competencia lectora a través do traballo con diferentes tipos de códigos, diferentes tipos de textos e a integración das TIC en situacións contextualizadas de busca e emprego de información.
- Iniciarse e/ou perfeccionar as estratexias de busca eficaz e autónoma de información en distintas fontes.
- Seleccionar e analizar a información pertinente e necesaria para a adquisición de coñecementos.
- Sintetizar as ideas principais da información recollida.
- Crear producións propias cos coñecementos adquiridos.
- Expoñer as producións propias de forma oral ou escrita.
- Fomentar o espírito crítico.
- Afondar nas diferentes causas que provocan as desigualdades sociais na nosa contorna.
- Definir liñas de actuación para combater as desigualdades sociais que se producen na nosa contorna.

- Identificar a necesidade de contribuír aos ODS desde unha perspectiva multicultural. Neste proxecto, impáctase de xeito directo nos seguintes (sen excluír o tratamento doutros ODS de xeito transversal ou interrelacionado):
 - 1 – Fin da pobreza
 - 2 – Fame cero.
 - 4 – Educación de calidade.
 - 10 – Redución das desigualdades.
 - 16 – Paz, xustiza e institucións sólidas.
 - 17 – Alianzas para acadar obxectivos.

- Fomentar o emprego da BE como un lugar de información e aprendizaxe.

- Contribuír á adquisición das competencias clave, concretamente:
 - Competencia en comunicación lingüística.
 - Competencia plurilingüe.
 - Competencia dixital.
 - Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
 - Competencia cidadá.
 - Competencia en conciencia e expresións culturais.

3. Proposta de traballo

Das inxerencias das mestras e mestres do claustro de abordar a multiculturalidade presente no centro e na contorna desde unha perspectiva integradora e inclusiva, xorde a proposta deste ano que entronca directamente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Desde o centro consideramos que a nosa responsabilidade como educadores dunha sociedade en constante cambio é apostar pola educación baseada en valores centrados na integración e na cooperación entre persoas e pobos. Non se trata simplemente dunha cuestión de solidariedade, senón de comprensión, de empatía, de apoio e de intercambio.

En Educación Infantil, abordarase o PDI partindo sempre das experiencias máis próximas ao neno ou nena e propoñendo actividades onde o protagonista sexa o alumnado e se faga partícipes ás familias. Entre os obxectivos que se perseguen concretamente nesta etapa podemos destacar o intercambio entre as culturas que coexisten nas aulas e o fomento de actitudes de respecto, tolerancia, comprensión, cooperación e convivencia.

No caso da Educación Primaria, a intención é avanzar no desenvolvemento dun espírito crítico partindo desde o máis próximo e sinxelo dos primeiros niveis ata abordar outros niveis de complexidade no terceiro ciclo. A través das metodoloxías activas, preténdese que o alumnado

indague nas diversas circunstancias que provocan os movementos migratorios das persoas e nas súas consecuencias e sexa quen de analizalas cunha mirada crítica, de acordo coa súa idade e madurez.

No primeiro trimestre, o eixo principal establécese en torno ao Día Mundial dos Dereitos da Infancia (20 de novembro), o que nos permitirá comparar situacións, valorar inxustizas, propor solucións e desenvolver o sentido do compromiso co benestar da infancia.

No segundo trimestre, o Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro) ofrécenos a posibilidade de insistir na erradicación de toda violencia escolar e moi especialmente pola súa vinculación co traballo desenvolto e as reflexións acadadas, con aquela que ten orixe nas diferencias raciais e/ou étnicas.

No terceiro trimestre, a Semana do Libro (17 ao 21 de abril) permítenos afondar na multiculturalidade presente na literatura infantil, levando a cabo investigacións e reflexións que nos permitan facer fronte a preguntas como as seguintes: temos na biblio ou en casa libros que representen a pluralidade de culturas? Nos nosos libros favoritos aparecen personaxes de diferentes razas/culturas/etnias? En que condicións? Están representados de maneira estereotipada ou axústanse a unha realidade posible? Como son tratadas esas personaxes? Hai condutas contrarias á convivencia pacífica?

O terceiro trimestre será o momento tamén de facer balance e amosar todo o aprendido, poñendo en valor as conclusións, pero tamén o proceso de aprendizaxe cos seus acertos e fracasos.

4. Proposta de presentación

A idea que se promove desde o equipo de biblioteca é que cada titor ou titora adapte os contidos do PDI á súa programación didáctica. Deste xeito, os produtos parciais que se deriven da súa labor na aula poden adoptar múltiples formas como, por exemplo:

- escritos: noticias, reportaxes, xornais, revistas, narracións, cartas...
- orais: dramatizacións, cancións, entrevistas, exposicións...
- tecnolóxicos: reportaxes audiovisuais, curtas, podcasts, presentacións, posts no blog...
- plásticos ou mixtos: debuxos, collages, murais, lapbooks, maquetas, álbums de fotografías,...

Para o seu desenvolvemento, pódese solicitar o asesoramento do membros do equipo de biblioteca e do equipo de dinamización da lingua galega para a busca e selección de material e a busca específica de materiais en lingua galega, de TIC para a asistencia na posta en marcha

de propostas tecnolóxicas e de EACE para a organización de saídas ou propostas culturais relacionadas con PDI. Cómpre non esquecer que a riqueza máis grande do PDI é o traballo compartido, poñendo os recursos persoais á disposición da comunidade.

5. Metodoloxía

A metodoloxía empregada será a que se propón nunha aprendizaxe cooperativa por proxectos, onde o alumnado ten un rol activo principal, que se enriquece nas dinámicas grupais. A través da investigación autónoma e do traballo con estratexias de ALFIN o alumnado constrúe a súa propia aprendizaxe ao tempo que contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado, coa intención de completar posibles baleiros de información antes de comezar propiamente a investigación.

A biblioteca será o eixo vertebrador do proxecto, proporcionando os fondos e medios necesarios para a realización das investigacións e a consecución do produto final. Fomentarase o uso de diferentes soportes, tanto para a busca de información como para a súa comunicación posterior, empregando as TIC nunha situación contextualizada e significativa.

6. Avaliación

Debemos partir dunha avaliación inicial, que pode recoller cuestións relacionadas cos coñecementos previos do alumnado, os recursos dispoñibles para acadar os obxectivos, as inquiredanzas e dúbidas do alumnado e profesorado e as posibles dificultades que poden xurdir.

Durante o proceso avaliaremos:

- a actitude, a motivación e a participación do alumnado e o profesorado;
- os recursos (tanto a súa dispoñibilidade como a súa eficacia para o logro dos obxectivos);
- as dificultades, tentando arbitrar os medios para superalas.

Á fin, teremos en conta:

- a actitude, a motivación e participación global da comunidade educativa.
- a colaboración entre niveis ou ciclos.
- o grao de satisfacción da comunidade educativa cos resultados acadados.
- a valoración das diferentes actividades e propostas.
- o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos, a análise daqueles non acadados e as causas que dificultaron o seu cumprimento.
- o grao de adquisición/mellora das competencias do alumnado.
- as dificultades atopadas durante a posta en marcha do proxecto.

- a adecuación das modificacións que se realizaron, se ser o caso.
- os aspectos susceptibles de mellora.

Como técnicas e instrumentos empregaremos o cuestionario, a análise das suxestións recibidas e a observación directa e indirecta. Nas reunións do equipo de biblioteca serán abordadas as cuestións relacionadas co balance e a avaliación das actividades, como mínimo, unha vez ao trimestre, con intención de facer as modificacións oportunas para acadar os obxectivos establecidos no proxecto.

7. Presentación dos produtos e difusión

O blog (<https://dracoaventuras.wordpress.com/>) recollerá as informacións e recursos relacionados coa realización do PDI, así como a presentación dos produtos parciais e finais.

Ademais, darase difusión ás entradas do blog e aos traballos realizados a través das redes sociais do centro:

- Instagram: [dracoaventuras](#)
- Facebook: [Biblio DracoAventuras](#)